

ACTA Nº 67

ASEMBLEA EXTRAORDINARIA

Acta da Asemblea ordinaria, celebrada o día 13 de maio de 2022, ás 19:30 en primeira convocatoria e ás 20:00 horas en segunda, en Vigo, no Edificio das Federacións Deportivas, coa asistencia dos seguintes membros asembleístas:

Asistentes

D. Constantino Vila Feijoo	Club ADC. Descubriendo Lugo
D. Pascual bartolomé Verdeal	Club Arteixo Bm.
D <sup>a</sup> Monserrat Rey Salorio	Club Bm. Atlántico
D. Jesús López gonzález	Club Atlético Guardés
D. Andrés Senra Pregel	Club Atlético Novás
D. Domingo Borja Coello	Club Bm. Cañiza
D <sup>a</sup> Vicente Rúa Santos	Club AD. Carballal
D <sup>a</sup> Inés Antúnez Garcia	Club Bm. Chapela
D. Fco. José Gayoso Rivera	Club Bm. Ferrolterra
D. Alberto Mouriño Varela	Club Bm. Línea 21
D. Óscar Fernández Martínez	Club Luceros
D. Abel Estévez Carrera	Club Bm. Porriño
D. J. Ricardo Vázquez García	Club Bm. Ribadosar
D. Fco. Javier Dominguez Pérez	Club SD. Teucro
D. Pablo A. Rodríguez Castro	Club Bm. Tui
D. José Antonio Rodríguez Fraga	Club EB. Xiria
D <sup>a</sup> . Andrea Cabaleiro Veloso	Árbitros/as
D. Victor Manuel Rivera Diz	Árbitros/as
D. José Pérez Rodríguez	Árbitros/as

Preside a mesma o Presidente da Federación Galega de Balonmán D. Bruno López Molina, acompañado polos directivos da FGBm. D. Jesús Varela Martínez, D. Ignacio Permuy Varela, D. Fernando Mosquera Pérez, D. Fernando Conde Fariña, e pola Secretaria Xeral D<sup>a</sup> Carla Abad Alonso.

Toma a palabra o Presidente D. Bruno López Molina, saúda aos/ás asistentes/as e comenta que a convocatoria da asemblea extrarordinaria ven provocada polos tempos marcados para o proceso electoral, que obrigan a realizar a aprobación das propostas relativas ás eleccións dentro da primeira quincena de maio; ademais comenta que a asemblea ordinaria será convocada para o 12 de xuño de 2022 e a idea é que as eleccións se convoquen o 23 de xuño de 2022.

O presidente pide á asemblea poder cambiar a orde dos puntos a tratar para que a asemblea sexa máis operativa, comezando pola votación das propostas e rematando co informe de situación e a quenda de preguntas e respostas, todos/as están de acordo.

O presidente informa do sistema de votación, e comenta as particularidades do calendario electoral e do regulamento, destacando as datas de votación presencial e de presentación de candidaturas..

Bruno López da paso ás propostas:

### **1. APROBACIÓN DO REGULAMENTO ELECTORAL:**

**VOTACIÓN: SI:18 NON: 0 ABSTENCIÓN: 1**

Queda APROBADA a proposta N<sup>o</sup> 1

### **2. SOLICITAR Á SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE AO AMPARO DA DISPOSICIÓN 4<sup>a</sup>, A EXCEPCIONALIDADE DE PODER REALIZAR AS VOTACIÓNS Á ASEMBLEA XERAL E Á PRESIDENCIA NUN DIA DE SEMANA, CONCRETAMENTE EN VENRES.**

**VOTACIÓN: A FAVOR:18 EN CONTRA:0 ABSTENCIÓN: 1**

Queda APROBADA a proposta N<sup>o</sup> 2

### **3. APROBACIÓN DO CALENDARIO ELECTORAL.**

**VOTACIÓN: A FAVOR:19 EN CONTRA:0 ABSTENCIÓN:0**

Queda APROBADA a proposta N<sup>o</sup> 3

4. FACULTAR Á XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN PARA REALIZAR OS CAMBIOS QUE SE INDIQUEN DENDE A SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE, TANTO NO REGULAMENTO ELECTORAL COMA NO CALENDARIO ELECTORAL.

VOTACIÓN: A FAVOR:19 EN CONTRA:0 ABSTENCIÓN:0

Queda APROBADA a proposta Nº 4

5. APROBACIÓN DA ELECCIÓN DOS/AS COMPOÑENTES DA COMISIÓN XESTORA:

**PRESIDENCIA:** *D. Bruno López Molina*

**MEMBROS ELIXIDOS POLA COMISIÓN DELEGADA:**

- *D. Victor Manuel Rivera Diz (Estamento Arbitral)*
- *Bm. Cangas (Estamento Clubs)*
- *D. Juan de Salvador Guillén (Bm. Culleredo-Estamento Xogadores/as)*
- *D. Anxo Otero Sieiro (U.B. Lavadores- Estamento de Adestradores/as).*

**MEMBROS ELIXIDOS POLA XUNTA DIRECTIVA:**

- *D<sup>a</sup>. Carla Abad Alonso (Secretaria Xeral).*
- *D<sup>a</sup> Patricia Sanmiguel García (Tesoureira)*
- *D. Ignacio Permuy Varela*
- *D. Jesús Varela Martínez*

VOTACIÓN: A FAVOR:18 EN CONTRA:0 ABSTENCIÓN:1

Queda APROBADA a proposta Nº 5

6. APROBACIÓN DA XUNTA ELECTORAL:

O presidente explicou que despois de enviar información a todos os estamentos sobre o proceso de presentación de candidatos tan só houbo seis que amosaron o seu interese, insistiu en si alguén máis quería presentarse durante a asemblea e ninguén se pronunciou, polo tanto pediu ratificar a elección dos membros/as da Xunta Electoral que presentaron a súa candidatura vía correo electrónico dentro do prazo estipulado. Os candidatos/as son:

**TITULARES:**

- *D<sup>a</sup>. María Luisa Sueiro Cardoso*
- *D. Aurelio Francisco Barreiro González*
- *D. Alberto Rodríguez Rodríguez*

**SUPLENTES:**

- D. Fabián González Barreiro
- D. Rubén Fernández Reinaldo
- D. José Luis García Cortés

**VOTACIÓN: A FAVOR:17 EN CONTRA:0 ABSTENCIÓN:2**

Queda APROBADA a proposta Nº 6

O presidente agradece a axilidade no funcionamento da asemblea e comeza co informe de situación.

Bruno López matiza que na asemblea do 12 de xuño darán moita máis información en cada punto, xa que tratarase dunha asemblea máis duradeira. O presidente insiste en relación ao seguro deportivo en que no último mes a sinistralidade se disparou notablemente, habendo moitas intervencións cirúrxicas o cal vai complicar notablemente a renovación da póliza sen incremento de prima; de todos os xeitos comentou que se realzarán reunións con cada club para comentar a súa casuística concreta, sobre todo cos que máis sinistralidade teñen.

En canto ao plano económico, comentou que preocupaban os retrasos dalgúns clubs nos pagos arbitraris, pediu seriedade no cumprimento dos prazos para que a Federación poida seguir funcionando con normalidade e sen problemas de liquidez.

O presidente informou tamén do traballo que se está a realizar para conseguir un acordo beneficioso para a profesionalización de moitos adestradores/as, esperando chegar a contratar cincuenta e oito persoas en toda Galicia, con preferencia na Mariña Lucense, Lugo e Ourense. Ademais tamén comentou avances que está a haber coa Xunta de Galicia, Cinfo, AMTEGA e RTVGAL para a colocación de cámaras de intelixencia artificial nas instalacións deportivas de Galicia onde se practica balonmán.

Bruno López, deu paso á quenda de rogos e preguntas onde ninguén quixo intervir. O presidente despide a asemblea e agradece a asistencia e implicación de todos/as.



Bruno López Molina



Mª Carla Abad Alonso

En Vigo a 13 de maio de 2022